

## **RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 9 DE MARZO 2007**

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

### **1. INFORME DO REITOR**

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles a benvida aos novos membros do Consello de Goberno elixidos polo Claustro na súa sesión do día 22 de febreiro de 2007, que son as persoas que figuran no **ANEXO II**. Tamén dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de *Directrices para la elaboración de títulos universitarios de grado y de master*, elaborada polo Ministerio de Educación e Ciencia e presentada o día 21 de decembro do 2006, que constitúe a proposta de directrices do citado ministerio para a elaboración dos graos e dos mestrados dentro do marco establecido no documento, La organización de las enseñanzas universitarias en España, publicado polo Ministerio de Educación e Ciencia o 26 de setembro e informado favorablemente polo Consejo de Coordinación Universitaria o 14 de novembro de 2007. Remata a súa intervención informando dos asuntos que se trataron na última reunión do Consello Social da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa do plano de avaliación institucional das titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña e tamén da elaboración do plano de melloras, que xa está rematado na nosa universidade e que permitirá adoptar medidas concretas de apoio. Igualmente, dá conta da guía para a posta en marcha do plano estratéxico dos centros e dos departamentos, que se presentará os días 21 e 22 de marzo. Remata a súa intervención, informando de que a Escola Universitaria de Turismo se ofreceu para que na sede do seu propio centro se imparta, se proceder, o mestrado de turismo, razón pola que convén agradecer expresamente a súa disposición.

Tras rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e validacións executadas desde a última sesión do Consello de

Goberno. Realizáronse imputacións por valor de 2.060,48 euros e validacións de expedientes por valor de 28.594,47 euros correspondentes ao ano 2006. Tamén en materia de imputacións de expedientes, correspondentes agora ao ano 2007, se realizaron imputacións por valor de 808.536,50 euros. Ademais, informa de que os cambios dos membros do Consello de Goberno por renovación da representación do Claustro lles afectan aos grupos de traballo do plano estratéxico. Dado que os dous representantes do estudantado nestes grupos continúan a ser membros do Consello de Goberno e que o representante do persoal de administración e servizos, o Sr. Rilo López, foi substituído polo Sr. Fernández López, propúxose e foi aceptada polas partes interesadas, a continuidade da representación do estudantado e a substitución do persoal de administración e servizos nos termos indicados.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa dos investimentos económicos de organismos públicos, concretamente da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, no Centro Tecnolóxico Naval. Conclúe a súa intervención dando conta da visita institucional do Consello Social da Universidade da Coruña ao Parque Tecnolóxico do campus de Elviña, e tamén do IV Encontro de Parques Tecnolóxicos promovido polo diario Expansión, a que foi convidada a participar a Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen informa da constitución da Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña e da concesión do I Premio Mulleres, Ciencia e Arte desta oficina á Sra. María Wonenburger, en recoñecemento da súa excelente traxectoria investigadora e docente no campo da Ciencia Matemática, o pasado día 7 de marzo. Remata a súa intervención dando conta da convocatoria de axudas para a organización de xornadas e das súas principais características e novidades a respecto das anteriores convocatorias.

Unha vez concluída a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das prazas convocadas polo procedemento de urxencia e a través de listaxes de agarda desde a última sesión do Consello de Goberno, que son as que se relacionan no **ANEXO III** relativas todas elas a modalidades contractuais de interinidade de substitución.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, quen informa da publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) do día 7 de marzo do 2007 do II convenio colectivo do persoal de administración e servizos laboral da Universidade da Coruña. Igualmente dá conta da resolución do concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos, convocado pola Resolución do 7 de xaneiro de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* do 11 de xaneiro).

Por último, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen dá conta dos cesamentos e dos nomeamentos producidos desde a última sesión do Consello de Goberno e que aparecen relacionados no **ANEXO II**.

## **2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO 14 DE NOVEMBRO DE 2006**

**Apróbase** por asentimento a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 14 de novembro de 2006.

## **3. CONVENIOS E CONTRATOS**

O Sr. Secretario Xeral informa dos 43 convenios que figuran no **ANEXO IV**, clasificados en convenios marco (1), convenios específicos (un total de 26) e convenios para prácticas (un total de 16) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para que se aprobe o Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son **aprobados** por asentimento.

## **4. PROPOSTAS DE MESTRADOS PROPIOS E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN**

Toma a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica para dar conta das dúas propostas de implantación de novos mestrados propios e cursos de especialización, que contan cos informes favorables preceptivos e que figuran no **ANEXO V**. Trátase concretamente do Curso de Especialización «Dirección de Centros Deportivos» e do Curso de

Formación Específica de Posgrao «Actualización e Perfeccionamento en Lingua e Literatura Española».

Despois das explicacións da Sra. Vicerreitora de Organización Académica, ábrese unha quenda de intervencións en que intervén o Sr. González Veira para manifestar que os cursos en cuestión ofertan uns créditos economicamente elevados e que se debería considerar ofrecer un maior número de bolsas para os estudantes que desexan matricularse naqueles.

Unha vez que a Sra. Vicerreitora de Organización Académica matizou que se trata de cursos que se autofinancian, **apróbase** por asentimento as propostas de implantación dos cursos en cuestión e o Sr. González Veira abstense por considerar que presentan uns elevados custos económicos.

#### **5. CALENDARIO PARA A PROPOSTA DE NOVOS PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO E DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA OS MESTRADOS E DOUTORAMENTOS DO CURSO 2007/2008**

O Sr. Reitor concédelle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa detalladamente sobre o proceso de elaboración desta proposta de calendario común para o Sistema Universitario Galego, que figura no **ANEXO VI** e tamén sobre o seu contido.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Cao Abad para suxerir que se estude a posibilidade de abrir a fase de preinscrición no mes de setembro.

**Apróbase** por asentimento a proposta de calendario.

#### **6. PRAZAS DE PROFESORADO CONVOCADAS AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA 3.<sup>a</sup> DOS ESTATUTOS DA UDC**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dálles conta, aos membros do Consello de Goberno, da proposta da 6.<sup>a</sup> convocatoria de prazas de profesorado segundo o establecido na disposición transitoria 3.<sup>a</sup> dos Estatutos da Universidade da

Coruña, que é a que figura no **ANEXO VII** e que conta cos informes positivos esixidos.

Logo de concluír a intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, pide a palabra o Sr. Delgado Martín, quen se interesa polos profesores asociados a tempo completo da nosa universidade sobre a base de que este tipo de convocatorias ten en principio unha data límite para seguir realizándose. O Sr. Vicerreitor de Profesorado infórmao de que o número de persoas actualmente vinculadas coa Universidade a través desta específica modalidade contractual é aproximadamente de corenta, cando con anterioridade era de cento setenta e tamén lle sinala que até setembro do ano 2008 se poderá seguir realizando este tipo de convocatorias.

**Apróbase** por asentimento a proposta de prazas de profesorado convocadas ao abeiro da disposición transitoria 3.<sup>a</sup> dos Estatutos da Universidade da Coruña.

## **7. PERMISOS E LICENZAS**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa, sobre as solicitudes de licenza para os efectos de docencia e investigación para realizar actividades investigadoras, informadas favorablemente pola COAP e formalizadas por D.<sup>a</sup> Ana Isabel Ares Pernas, D. Julián Dorado de la Calle e D.<sup>a</sup> Mónica Pérez Rama.

**Apróbanse** por asentimento as licenzas.

## **8. SOLICITUDE DE CAMBIO DE ÁREA DE COÑECEMENTO**

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado para manifestarlles aos membros do Consello de Goberno a solicitude de cambio de área de coñecemento, formalizada pola profa. Mercedes Cristina Conde Pintos nos termos que figuran no **ANEXO VIII**. Trátase, concretamente, dunha solicitude que conta co informe positivo do centro, mais non do departamento correspondente.

Na quenda de intervencións, o Sr. Delgado Martín manifesta que non pode emitir ningunha opinión sobre este tema porque na relación de documentos que se lle achegaron por correo ordinario, coa convocatoria desta sesión do

Consello de Goberno, non figuraba a relativa a este punto concreto da orde do día e anuncia que se vai abster precisamente pola razón sinalada. O Sr. Secretario Xeral pídelles desculpas ao Sr. Delgado Martín, despois de comprobar que os demais membros do Consello de Goberno non padeceron este mesmo tipo de problemas.

Coa abstención do Sr. Delgado Martín, **áprobese** informar negativamente esta solicitude de cambio de área de coñecemento.

## **9. MODIFICACIÓN DO BAREMO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORES AXUDANTES**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado explícalles aos membros do Consello de Goberno a proposta de modificación do baremo para a contratación de profesores axudantes da Universidade da Coruña que figura no **ANEXO IX**. Sempre segundo o Sr. Vicerreitor de Profesorado, propónse modificar a normativa de contratación de profesores axudantes co obxectivo de evitar o efecto non desexado de que se contraten persoas con ampla experiencia docente e investigadora para esta figura de profesorado en formación.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Delgado Martín, quen considera oportuna a modificación, aínda que poida limitar as posibilidades de quen non ten outros medios para promocionar e o Sr. Cao Abad, quen centra a súa intervención na titulación que deben posuír as persoas que queiran promocionar como profesores axudantes.

Os membros do Consello de Goberno aproban a modificación do baremo para a contratación de profesores axudantes.

## **10. CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROMOCIÓN DO PDI HABILITADO**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dálles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de segunda convocatoria de prazas de promoción do persoal docente e investigador habilitado, que figura no **ANEXO X**, de conformidade co programa de promoción do persoal docente e investigador habilitado que foi aprobado por acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2006.

Despois da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Delgado Martín e Casteleiro Maldonado.

Áprobase por asentimento dos membros do Consello de Goberno a proposta de segunda convocatoria de prazas de promoción do persoal docente e investigador habilitado.

### **11. CONVOCATORIA DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE DOTACIÓN DE PRAZAS DE AXUDANTES VINCULADAS A NECESIDADES DOCENTES E Á CALIDADE INVESTIGADORA**

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado para informar da proposta de modificación da normativa reguladora do proceso extraordinario de dotación de prazas de axudantes vinculadas a necesidades docentes e á calidade investigadora do 22 de marzo de 2006, que figura no **ANEXO XI** e que conta co informe favorable da COAP.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Valderruten Vidal, que se interesa pola posibilidade de ampliar o prazo desta convocatoria o máximo posible legalmente.

Apróbase, por asentimento, a proposta de modificación da normativa reguladora do proceso extraordinario de dotación de prazas de axudantes vinculadas a necesidades docentes e á calidade investigadora.

### **12. MODIFICACIÓN DA NORMATIVA DE ELABORACIÓN DO POD PARA INCLUÍR O RECOÑECEMENTO DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA**

Neste punto concreto da orde do día, o Sr. Vicerreitor de Profesorado informa detalladamente da proposta de modificación da normativa de elaboración do POD que figura no **ANEXO XII**, para incluír o recoñecemento da actividade investigadora. Trátase dunha proposta relacionada co documento de proposta da Relación de Postos de Traballo (RPT) presentada o pasado mes de novembro, que tiña por obxecto lograr un cadro de persoal adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior

(EEES) e en que se inclúan as actividades investigadoras, de extensión e de xestión académica. Conclúe a súa intervención indicando que constitúe unha proposta tímida e prudente, mais sempre con perspectiva.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Delgado Martín para amosar a súa reserva sobre os criterios de elaboración do POD asentados só nos proxectos de investigación, nos sexenios e na dirección de teses de doutoramento, sen ter en conta outros posibles criterios como o esforzo de captación de recursos externos. Tamén fan uso da palabra nesta quenda de intervencións os Sres. Ferreiro Baamonde, Casteleiro Maldonado, Rodríguez Fernández, Cao Abad e Recuero Astray.

Desexando o Sr. Delgado Martín que conste en acta a súa reserva sobre os criterios de elaboración do POD, **apróbase** a modificación da normativa de elaboración do POD para incluír o recoñecemento da actividade investigadora.

### **13. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DO PROXECTO DE REGULAMENTO DAS CÁTEDRAS CULTURAI DA UDC**

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación para explicar con detalle o proceso de elaboración deste proxecto de regulamento que figura no **ANEXO XIII**, os seus principais obxectivos e o seu contido.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Fernández López, que reflexiona sobre as relacións que deberían existir entre as cátedras culturais e o Servizo de Bibliotecas da nosa universidade, a Sra. López Fernández e o Sr. Delgado Martín, que considera moi interesante este proxecto, aínda que poida dar lugar a certas duplicidades nalgúns casos concretos.

Apróbase por asentimento o proxecto de regulamento das cátedras culturais.

### **14. CÓDIGO DE CONDUCTA DAS UNIVERSIDADES EN MATERIA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO**



Segue tendo o uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación coa finalidade de informar os membros do Consello de Goberno do código de conduta das universidades sobre cooperación para o desenvolvemento, que se recolle no **ANEXO XIV**, e que é froito do labor realizado pola Comisión de Cooperación para o Desenvolvemento adscrita ao CEURI-CRUE.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, quen nesta materia concreta incide moito na rendición de contas das ONG, por tratarse dunha cuestión fundamental para un correcto e adecuado funcionamento da cooperación para o desenvolvemento.

**Apróbase** por asentimento o código de conduta das universidades sobre cooperación para o desenvolvemento.

## **15. CREACIÓN DA OFICINA DE MEDIO AMBIENTE DA UDC**

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental para comunicarlles aos membros do Consello de Goberno a necesidade de crear a Oficina de Medio Ambiente da UDC porque, entre outras razóns, este órgano debe ser o encargado de levar a cabo a política ambiental da nosa universidade.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, quen quere poñer de manifesto a ausencia dun documento en que se plasme o estudo das necesidades e das propostas para resolver ou superar estas necesidades, á parte de incidir tamén en que a cantidade orzada este ano para tales fines non semella ser suficiente, se se pretende que cumpra cos seus ambiciosos obxectivos. Tamén intervén o Sr. Casteleiro Maldonado para solicitar que, en caso de que se considere abrir unha convocatoria de bolsas para estudantes, todos os estudantes poidan presentarse a esta. O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica toma a palabra para subliñar, a propósito dos orzamentos desta oficina, que non hai que esquecer que hai outras axudas económicas propias da universidade e externas para que aquela poida cumprir sen problemas as súas funcións. Remata esta quenda de intervencións o Sr. Fernández López sinalando que as bolsas para o estudantado non deben encubrir actividades que deberían ser realizadas polo persoal de

administración e servizos, de tal xeito que se garanta sempre a súa finalidade formativa.

**Apróbase** a proposta de creación da Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña.

**16. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DOS REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO DA EU DE ARQUITECTURA TÉCNICA, DA EU DE ESTUDOS EMPRESARIAIS, DO DEPTO. DE CONSTRUCCIÓN NAVAIS, DO DEPTO. DE CIENCIAS DA NAVEGACIÓN E DA TERRA, DO DEPTO. DE PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E DA EDUCACIÓN E DO DEPTO. DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL**

Tras a intervención do Sr. Secretario Xeral, que dá conta dos seis regulamentos de réxime interno (dous de centro e catro de departamento) que se someten á aprobación dos membros do Consello de Goberno e que cumpren todos os trámites esixidos para tal fin, ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Fernández López, quen se interesa sobre a mención do persoal de administración e servizos que se contén no Regulamento de réxime interno da EU de Arquitectura e tamén sobre a Comisión de Biblioteca a que alude o Regulamento de réxime interno da EU de Estudos Empresariais.

**Apróbase** por asentimento a relación de regulamentos de réxime interno que figura no **ANEXO XV**.

**17.ELECCIÓN DOS MEMBROS DAS COMISSIONS DELEGADAS, SEGUINDO O PROCEDIMENTO QUE RECOLLE O ANEXO I (DA CONVOCATORIA DESTA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO)**

Neste punto da orde do día segue co uso da palabra o Sr. Secretario Xeral, quen informa do procedemento de elección dos membros das comisións delegadas do Consello de Goberno, que se achegaba na convocatoria desta sesión do Consello de Goberno como Anexo I.

Sempre de conformidade co procedemento para tales eleccións, proclámanse como candidatas as persoas que se detallan no **ANEXO XVI**

e resultan elixidas, despois do escrutinio que se relaciona no **ANEXO XVII**, as persoas que figuran no **ANEXO XVIII**.

## **18. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIONS**

Toma a palabra o Sr. Delgado Martín para formular unha serie de cuestións a propósito das seguintes materias: quere saber, en primeiro lugar, se as convocatorias do Consello de Goberno se dan a coñecer entre os membros da comunidade universitaria. A continuación, interésase pola posibilidade de lles enviar aos membros do Consello de Goberno as actas das sesións. Igualmente, transmite as súas dúbidas acerca da legalidade do Regulamento do Consello de Goberno, despois do aprobado na última sesión do Claustro a respecto da representación deste órgano no Consello de Goberno. Tamén se interesa pola situación actual do sistema de financiamento das tres universidades do Sistema Universitario Galego, polas partidas económicas de investigación, polo proceso de expropiación dos terreos para construír a residencia universitaria e, finalmente, pola fase actual do plano estratéxico da nosa Universidade. Quere concluír a súa intervención felicitando o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación pola creación da Oficina de Igualdade de Xénero e pola concesión do I Premio Mulleres, Ciencia e Arte desta oficina á Sra. María Wonenburger, en recoñecemento da súa excelente traxectoria investigadora e docente no campo da ciencia matemática.

En resposta ao Sr. Delgado Martín, o Sr. Reitor, despois de informalo de que as convocatorias do Consello de Goberno se dan a coñecer entre os membros da comunidade universitaria a través da sección Axenda que figura na páxina web da Universidade da Coruña, tamén lle explica que non se lles envían persoalmente as actas das sesións do Consello de Goberno aos seus membros porque estes teñan acceso ás actas en cuestión antes das sesións nas secretarías dos seus centros, á parte do feito de que se publica na páxina web da nosa universidade un resumo das sesións do Consello de Goberno para que toda a comunidade universitaria coñeza os acordos adoptados. O Sr. Reitor igualmente manifesta que non hai ningunha situación de ilegalidade no regulamento actual do Consello de Goberno. A respecto do sistema de financiamento das tres universidades galegas, o Sr. Reitor pon de relevo que non hai nada diferente do que se informou na última sesión do Claustro. Remata as respostas o Sr. Reitor, indicándolle que se están a incorporar as partidas económicas de investigación, que as

expropiacións dos terreos para a residencia universitaria é competencia do Concello da Coruña e que se atopa na primeira fase e, por último, que o plano estratéxico se vai levar á seguinte sesión do Claustro para que o coñezan os seus membros.

Toma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado para solicitar que o servizo de obras desta universidade preste, se é posíbel, unha maior atención á cuberta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos porque se atopa nunha situación realmente lamentable.

Intervén o Sr. Pérez de Castro para suxerir que se adopten as medidas oportunas que permitan facilitar o acceso e o uso da aula de informática.

Toma a palabra o Sr. González Veira para manifestar que hai moitas páxinas web de centros e departamentos desta universidade que non están no idioma galego, cando deberían estar precisamente para cumprir as normas da Universidade da Coruña sobre o uso do galego. Tamén suxire que se fagan certos cambios na normativa académica de avaliacións, de cualificacións e de reclamacións, sempre co obxectivo de mellorar a súa aplicación.

Intervén a Sra. Canosa Ferrío para manifestar que o estudantado non pode acceder ás axudas para a organización de cursos e congresos que oferta a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación. O vicerreitor competente comunícalle, en resposta á súa intervención, que se trata de axudas para cursos e congresos organizados polo persoal docente e investigador e tamén que o estudantado ten outras vías para o financiamento do seus actos a través da Vicerreitoría de Estudantes e a través, igualmente, dos propios centros.

Toma a palabra a Sra. Rodríguez Amoroso para falar dos cursos de idiomas do Centro de Linguas, cuxo prezo debería ter en conta o nivel de rendas das persoas que desexan matriculárense neles.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen comeza manifestando que non hai planos específicos para a formación do persoal de administración e servizos. Remata a súa intervención falando do proceso de implantación do software libre e da compra de certos produtos informáticos que non serían

necesarios precisamente polo uso de software libre. O Sr. Xerente respóndelle que se está a elaborar un plano integral de formación do persoal de administración e servizos.

Remata esta quenda de intervencións o Sr. Rodríguez Fernández interesándose pola situación actual do Club Universitario e polo financiamento das obras que se van realizar neste. En resposta, interveñen os Sres. Vicerreitores de Extensión Universitaria e Comunicación e de Estratexia e Planificación Económica para lle dar conta tanto dos proxectos de reforma como das vías de financiamento.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 horas.